

¡Que escura é a noite!¹

¡Que escura é a noite!
¡Que negro este páramo de rostros sen nome!
¡Que vacío sen fondo o desta soidade
multitudinaria!

Arrebolados neste pozo onde nunca amence,
somos buscadores de luz, ou descridos,
ou enlamados entregados á causa da nosa egolatría.

Somos cinza apenas palpitante,
ascuas que agardan ser avivadas...
Caemos no fondo sen atopar agarradoira.
Afogamos neste barro noso,
forma do cadáver co que cargamos acotío,
ata que, por fin, soterrámolo nunha volta do camiño
para perdernos na noite, no auga, no baleiro,
e ser xa luz, so luz, claridade sen límites

¹ Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 26 de decembro, 2016. Esta obra está suxeita á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>.

